

Xornada sobre o enfoque feminino na loita contra os lixos mariños

Vigo-Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2020.

O próximo martes 3 de marzo, en horario de mañá, celebrarase na sede do Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, na rúa Cambón en Vigo, unha interesante xornada na que se abordará a problemática da contaminación mariña desde o punto de vista da muller.

A xornada, que leva por título “*O enfoque feminino na loita contra os lixos mariños*”, principiará ás 10:00 h da mañá coa presentación da mesma a cargo do decano do COBGA, D. José Pelayo Míguez Baños e do director do Parque Nacional, D. José Antonio Fernández Bouzas, ademais dunha representante da Xunta de Galicia todavía por confirmar.

De seguido celebraranse tres faladoiros a xeito de diálogos, nos que se falará da problemática do lixo mariño desde as perspectivas do sector da pesca e do sector da acuicultura, e que se verán complementados cos relatorios de varias experiencias exitosas neste eido levadas a cabo nos últimos anos no seo da nosa comunidade.

Para esta xornada está prevista a participación, entre outras, de D^a Rita Míguez de la Iglesia (ANMUPESCA), D^a Guadalupe Jueguen Martínez (AMARCARRIL), D^a Ángeles Longa Portabales (Consello Regulador do Mexillón de Galicia), D^a María Victoria Besada Montenegro (Centro Oceanográfico de Vigo-IEO), D^a Garbiñe Ayensa Aguirre (INTECMAR), D^a Rebeca Lago Garza (ARVI) e D^a Maruxa Álvarez Jiménez (Icemar-Universidade de Vigo).

A xornada rematará cunha posta en común na procura de solucións a este gran problema medioambiental moderada polo director do parque nacional e na que tomarán parte todas as participantes da xornada.

Todas aquelas persoas que desexen inscribirse na xornada deberán facelo a través do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia no enderezo electrónico info@biologosdeg Galicia.org

Unha nova actividade divulgativa da *II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*, o premiado proxecto de loita contra a contaminación mariña liderado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia xunto co propio Parque Nacional e o Centro Oceanográfico de Vigo en condición de socios, que conta coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP, e que é complementario ao proxecto LIFE-IP INTEMARES.

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Centro Oceanográfico de Vigo (IEO)